

**PROXECTOS E PLANS DA  
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA  
QUE CUMPREN COS OBXECTIVOS  
ESTABLECIDOS NA AXENDA 2030**

- Infraestruturas e Vías Provinciais
- Mobilidade



## ÍNDICE

PRESENTACIÓN .....	2
1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS) .....	3
3. OBRAS E PLANS EXECUTADOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA QUE CUMPREN COS OBXECTIVOS DA AXENDA 2030.....	6

## PRESENTACIÓN

Nestes últimos anos, a Deputación de Pontevedra ven traballando intensamente na recuperación do espazo público para as persoas. Un cambio de modelo no que se revirte a concepción clásica de máxima prioridade dos vehículos no espazo público para antepoñer a protección dos colectivos máis vulnerables, a accesibilidade e as mobilidades sustentables.

Baixo a perspectiva de que as vías da rede provincial non teñen as características nin a capacidade para converterse en vías vertebradoras, senón que se trata de vías de aproximación, e que a súa ampliación ou modificación nun entorno altamente consolidado resulta moi complexa e adoita estar asociada a grandes inversións económicas, esta reversión materializouse nun “Decálogo de Criterios de Actuación nas Vías Provinciais” no que a xerarquía é clara: 1º peón, 2º ciclista, 3º transporte público, 4º vehículo privado.

Tralo decálogo, artellouse unha serie de normativa técnica propia para dar soporte ás intervencións da Deputación de Pontevedra, podendo citar a *Guía de Espazos Públicos e Mobilidade Amable*, o *Protocolo de Actuación para os proxectos de Seguridade Viaria* ou a *Instrución de Deseño de Dispositivos de Precaución*.

Estes documentos poñen de manifesto que un dos obxectivos da Deputación de Pontevedra é desenvolver unha mobilidade sustentable que priorice a seguranza e a mobilidade peonil en calquera estrada ou en calquera espazo público.

Todo elo buscando acadar no só unha mobilidade segura, sustentable e inclusiva que aposte por que as persoas sexan o eixe prioritario por diante dos vehículos, senón que tamén reduza a accidentalidade mediante o calmado de tráfico, coide do patrimonio e da paisaxe, recupere espazos peonís e, en definitiva, apoie ós concellos fomentando actuacións viables que sirvan para mellorar a contorna na que viven veciñas e veciños.

Todo este traballo concorda en grande medida cós obxectivos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, sendo este documento un exemplo das actuacións e iniciativas, moi traballadas e viables, levadas a cabo dende o ano 2016 pola Deputación de Pontevedra.

## 1. INTRODUCCIÓN

En setembro de 2015 as xefas e xefes de Estado e de Goberno acordaron reconducir o mundo polo camiño do desenvolvemento sostible a través da adopción da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.

Esta axenda para o desenvolvemento mundial consta de 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que expoñen medidas cuantitativas nas dimensións económica, social e ambiental. A Axenda 2030 comprométese a alcanzar estes obxectivos de aquí a 2030 e a facelo para todas e todos, en todo o mundo, asegurando que ninguén quede atrás.

Os obxectivos proporcionan un plan de acción compartida en favor das persoas, do planeta, da prosperidade, da paz e das alianzas para ser implementado por todos os países e partes interesadas mediante unha alianza de colaboración. Tal e como se expresa na Axenda 2030: "Nunca ata o de agora se comprometeron os líderes do mundo cunha acción e cun empeño comúns en prol dunha axenda de políticas tan ampla e universal".

## 2. OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)



Figura 1. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Os ODS son un conxunto de obxectivos, metas e indicadores universais que os Estados membros da ONU se comprometeron a utilizar para enmarcar as políticas nacionais e internacionais de desenvolvemento durante os próximos 15 anos. Baséanse nos avances logrados cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) que foron acordados polos gobernos en 2001 e que expiraron en 2015. Mentres que os ODM se centraron na redución da pobreza extrema en todas as súas formas, os ODS abarcan unha axenda máis ampla que inclúe os aspectos sociais, ambientais e económicos do desenvolvemento sostible, a cal é pertinente para todos os países do mundo.

Os ODS constitúen o eixe central da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible que foi ratificada por todos os Estados membros da ONU na Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 2015. Os seus 17 obxectivos e 169 metas abordan asuntos cruciais que o mundo actual está a afrontar, como a erradicación da pobreza extrema, a loita contra a desigualdade global e o cambio climático, o fomento da urbanización e do desenvolvemento industrial sustentables, a protección dos ecosistemas naturais e a promoción do crecemento de sociedades e institucións gobernamentais pacíficas e inclusivas. Elaborouse un conxunto de 231 indicadores para medir os progresos conseguidos no cumprimento dos ODS e as metas conexas nos países e entre eles.

A continuación detállanse os 17 ODS:

### Obxectivo 1. Fin da pobreza

- Pobreza extrema
- Pobreza relativa en todas as súas dimensións
- Sistemas de protección social
- Acceso aos servizos básicos e recursos financeiros
- Resiliencia a desastres económicos, sociais e ambientais
- Recursos para erradicar a pobreza
- Marcos normativos para erradicar a pobreza

### Obxectivo 2. Fame cero

- Poñerlle fin á fame
- Malnutrición
- Produción agrícola a pequena escala
- Prácticas agrícolas sustentables e resilientes
- Diversidade xenética
- Investimentos en agricultura
- Estabilidade de mercados agropecuarios mundiais
- Volatilidade de prezos dos alimentos

### Obxectivo 3. Saúde e benestar

- Mortalidade materna
- Mortalidade infantil
- Enfermidades transmisibles
- Enfermidades non transmisibles e saúde mental
- Drogas e alcol
- Accidentes de tráfico

- Saúde sexual e reprodutiva, planificación familiar
- Cobertura universal e acceso a medicamentos
- Saúde ambiental (químicos e polución)
- Control do tabaco
- I+D vacinas e medicamentos esenciais
- Financiamento do sistema sanitario (persoal sanitario)
- Xestión de riscos sanitarios

#### **Obxectivo 4. Educación de calidade**

- Calidade da educación primaria e secundaria
- Calidade da educación preescolar
- Acceso igualitario á formación superior
- Competencias para acceder ao emprego
- Disparidade de xénero e colectivos vulnerables
- Educación global para o desenvolvemento sostible
- Instalacións educativas inclusivas e seguras
- Bolsas para ensino superior
- Cualificación de docentes

#### **Obxectivo 5. Igualdade de xénero**

- Poñer fin á discriminación
- Violencia de xénero
- Matrimonio infantil e mutilación xenital feminina
- Traballo de coidados domésticos
- Participación plena da muller e igualdade de oportunidades
- Saúde sexual e reprodutiva e dereitos reprodutivos
- Igualdade de dereitos de acceso aos recursos económicos
- Uso de tecnoloxía e acceso a tecnoloxías da información e da comunicación
- Políticas e leis para a igualdade e o apoderamento

#### **Obxectivo 6. Auga limpa e saneamento**

- Acceso a auga potable
- Acceso a servizos de saneamento e hixiene
- Calidade da auga, contaminación e augas residuais
- Uso eficiente de recursos hídricos
- Xestión integral de recursos hídricos
- Ecosistemas relacionados coa auga
- Creación de capacidades de xestión
- Participación das comunidades locais

#### **Obxectivo 7. Enerxía alcanzable e non contaminante**

- Acceso universal á enerxía
- Enerxías renovables
- Eficiencia enerxética
- Investigación e investimento en enerxías limpas
- Infraestrutura e tecnoloxía en países en desenvolvemento

#### **Obxectivo 8. Traballo decente e crecemento económico**

- Crecemento económico
- Diversificación, tecnoloxía e innovación
- Fomento da pequena e mediana empresa
- Produción e consumo eficientes e respectuosos
- Pleno emprego e traballo decente
- Mocidade sen traballo nin estudos
- Escravitude, trata e traballo infantil
- Dereitos laborais e traballo seguro
- Turismo sostible
- Servizos bancarios
- Axuda para o comercio en países en desenvolvemento
- Estratexia mundial para o emprego xuvenil

#### **Obxectivo 9. Industria, innovación e infraestrutura**

- Infraestrutura sostible
- Industria inclusiva e sostible
- Acceso de pemes a servizos financeiros e cadeas de valor
- Modernizar infraestrutura, tecnoloxía limpa
- Investigación científica, capacidade tecnolóxica
- Apoio a infraestruturas sostibles e resilientes
- Tecnoloxía, investigación e innovación
- Acceso ás TIC e a internet

#### **Obxectivo 10. Redución das desigualdades**

- Aumentar ingresos 40 % poboación pobre a unha taxa superior á media nacional
- Inclusión social, económica e política
- Igualdade de oportunidades
- Políticas fiscais, salariais e de protección social
- Regulación dos mercados financeiros mundiais

- Participación de países en desenvolvemento en IFI e OOI
- Migración e políticas migratorias
- Principio do trato especial e diferenciado
- Correntes financeiras para países en desenvolvemento
- Custos de remesas

#### **Obxectivo 11. Cidades e comunidades sostibles**

- Acceso á vivenda
- Transporte público
- Urbanización inclusiva e sostible
- Patrimonio cultural e natural
- Desastres e redución de vulnerabilidade
- Refugallos e contaminación en cidades
- Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Vínculos entre zonas urbanas, periurbanas e rurais
- Redución de riscos de desastres en cidades
- Edificios sostibles e resilientes en PMA

#### **Obxectivo 12. Producción e consumo responsables**

- Plans de consumo e produción responsables
- Uso eficiente de recursos naturais
- Desperdicios de alimentos
- Xestión de refugallos e produtos químicos
- Prevención, redución, reciclado e reutilización de refugallos
- Empresas e informes sobre sustentabilidade
- Adquisicións públicas sostibles
- Educación para o desenvolvemento sostible
- Ciencia e tecnoloxía para a sustentabilidade
- Turismo sostible
- Regulación de subsidios a combustibles fósiles

#### **Obxectivo 13. Acción polo clima**

- Resiliencia e adaptación
- Políticas, estratexias e plans nacionais
- Educación e sensibilización
- Mobilización de recursos económicos
- Xestión do cambio climático en países menos desenvolvidos

#### **Obxectivo 14. Vida submarina**

- Contaminación mariña
- Xestión de ecosistemas mariños e costeiros
- Acidificación de océanos
- Regular unha explotación pesqueira sostible
- Conservación de zonas costeiras e mariñas
- Combater a pesca ilegal e excesiva
- Beneficios económicos e pesca sostible
- Investigación e tecnoloxía mariña
- Ciencia e tecnoloxía para a sustentabilidade
- Pesca a pequena escala e artesanal
- Aplicación da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar

#### **Obxectivo 15. Vida de ecosistemas terrestres**

- Conservar e usar de maneira sostible os ecosistemas
- Xestión sostible de bosques
- Loita contra a desertificación
- Conservación e ecosistemas montañosos
- Degradación e perda de biodiversidade
- Recursos xenéticos
- Caza furtiva e especies protexidas
- Especies invasoras
- Plans sensibles ao medio natural
- Recursos financeiros
- Recursos para a xestión forestal
- Apoiar a loita contra a caza furtiva

#### **Obxectivo 16. Paz, xustiza e institucións sólidas**

- Reducir todas as formas de violencia
- Malos tratos, trata e explotación infantil
- Estado de dereito e acceso á xustiza
- Correntes financeiras e de armas ilícitas
- Corrupción e subornos
- Institucións eficaces e transparentes
- Participación cidadá
- Participación dos países en desenvolvemento en organismos internacionais
- Identidade xurídica e rexistro de nacementos
- Acceso á información e ás liberdades fundamentais

- Fortalecemento das institucións en favor da paz
- Leis e políticas (dereitos humanos)

#### **Obxectivo 17. Alianzas para lograr os obxectivos**

- Mobilización de recursos domésticos
- 0,7 % da axuda oficial para o desenvolvemento
- Recursos financeiros adicionais á débeda
- Débeda dos investimentos privados
- Investimentos privados para o traspaso de tecnoloxías
- Traspaso de tecnoloxías
- Tecnoloxías ecoloxicamente racionais
- Banco de tecnoloxía
- Reforzo de capacidades
- Comercio multilateral universal
- Exportacións de países en desenvolvemento
- Acceso ao mercado para países en desenvolvemento
- Estabilidade macroeconómica mundial
- Coherencia de políticas
- Soberanía nacional
- Alianza mundial para o desenvolvemento sostible
- Alianzas público-privadas
- Creación de capacidades estatísticas
- Promover indicadores que vaian máis aló do PIB

### **3. OBRAS E PLANS EXECUTADOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA QUE CUMPREN COS OBXECTIVOS DA AXENDA 2030**

A continuación achégase un breve resumo das diferentes obras e plans que a Deputación de Pontevedra executou e está a levar a cabo, no que se detalla en que consiste a obra ou o plan e os obxectivos da Axenda 2030 que se cumpren en cada un dos casos.

A maiores, nas obras preséntase unha fotografía do antes e do despois para poder comprobar o cambio que estas obras exerceron na forma de vivir das persoas que habitan nos diferentes núcleos de poboación.

**RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PARA AS PERSOAS**



## PIM-PROXECTO INTEGRAL DE MOBILIDADE DA AVENIDA LUIS ROCAFORT. SANXENXO

P. B. L. (con IVE): 1.650.759,28 € ANO DE RECEPCIÓN: 2017

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 570 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+570
- O obxecto do proxecto é conseguir a humanización da rúa, para o que se habilitarán espazos seguros para as e os viandantes e se distribuirá a zona de aparcadoiro:
  - Delimitación do tráfico rodado e peonil, pero todo nunha única plataforma, o que implica unha mellora da accesibilidade
  - Disposición de zonas de estancia para as e os viandantes
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Instalación de mobiliario e zonas axardinadas
- Renovación da iluminación existente con luminarias led
- Renovación de instalacións en mal estado de conservación ou aquelas que quedasen obsoletas
- Mellora da rede de drenaxe da rúa
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DEPOIS:



## PROXECTO DE ACTUACIÓN INTEGRAL DE MOBILIDADE NA EP-3004 E NA EP-2505 NA PARROQUIA DE CALDELAS. MUNICIPIO DE TUI

P. B. L. (con IVE): 589.051,81 € ANO DE EXECUCIÓN: 2018

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 1.190 m ao longo da EP-2505 e 1.175 m ao longo da EP-3004
- Incremento da mobilidade peonil e da seguridade viaria mediante:
  - Construción de beirarrúas elevadas ao longo da calzada e de sendas a nivel da calzada, ampliando a plataforma nos casos necesarios
  - Humanización e nova pavimentación do contorno da igrexa de San Martiño (ben patrimonial)
  - Medidas de calmado do tráfico (pasos de peóns sobreelevados e redutores físicos de velocidade) e redución da velocidade a 30 km/h
  - Sinalización horizontal e vertical coa que se incide na prioridade peonil e na redución da velocidade
- Mellora da rede existente de drenaxe

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: mellora da rede de drenaxe existente
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de zonas de tránsito peonil e humanización do contorno da parroquia
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra e rehabilitación do seu contorno
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire coa diminución do fluxo de vehículos motorizados e a súa velocidade
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## REESTRUTURACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E MELLORA DA MOBILIDADE DO NÚCLEO DA CHAN. MUNICIPIO DE CERDEDO-COTOBADE

P. B. L. (con IVE): 596.980.68 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Creación dunha zona de aparcadoiro público no contorno dos equipamentos locais cunha boa integración no contorno para momentos de baixa ocupación
- Incremento da seguridade viaria mediante:
  - Recuperación do espazo público coa pacificación do tráfico e a ampliación da praza actual
  - Rehabilitación do contorno da capela presente no proxecto
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, redimensionamento dos carrís e redución da velocidade a 20 km/h
  - Creación dunha zona de plataforma única con prioridade peonil no núcleo e os arredores da capela
- Renovación da rede de abastecemento da fonte presente no proxecto
- Substitución de luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.4 Uso eficiente de recursos hídricos: renovación e adaptación da rede de abastecemento ás necesidades do proxecto
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa recuperación do espazo das e dos viandantes
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración con administracións locais

### ANTES:



### DEPOIS:



## PROXECTO DE MELLORA DA URBANIZACIÓN DA RÚA ALCALDE JOSÉ DEL RÍO. TRAMO 1. MARÍN

P. B. L. (con IVE): 240.584,40 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 106 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+106
- Humanización da rúa mediante a reurbanización do contorno e incremento da seguridade viaria:
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Aumento do espazo seguro destinado ás e aos viandantes, coa creación de beirarrúas ao mesmo nivel da calzada, separadas desta cunha liña de bolardos, o que tamén implica unha mellora da accesibilidade
  - Instalación de novo mobiliario urbano
- Execución da rede separativa de pluviais e saneamento e renovación das redes en mal estado que tiñan perdas
- Substitución das luminarias por luces led
- Mellora da rede de drenaxe da rúa

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión de zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-6518 SILLEDA-PONTE (TRAMO 1) DO P. Q. 0+435 AO P. Q. 0+876. SILLEDA

P. B. L. (con IVE): 594.320,42 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 441 m, desde o P. Q. 0+435 ata o P. Q. 0+876
- Mellora das condicións de comodidade e seguridade das persoas usuarias da vía mediante:
  - Redución ao máximo do ámbito do vehículo, fomentando as reducións de velocidade mediante medidas de calmado do tráfico e axustando esta a 30 km/h
  - Creación dun espazo peonil continuo de seguridade respectando os criterios de accesibilidade universal
  - Creación dun espazo urbano de carácter estático (prazas e parques)
- Execución da rede separativa de pluviais e saneamento para o centro de día lindeiro
- Dotación dunha acometida de auga potable para o centro de día lindeiro
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
  - 6.4 Uso eficiente de recursos hídricos: instalación dunha acometida para dotación que minimize as perdas de auga
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: recuperación do espazo urbano mediante unha senda accesible e varios espazos peonís
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire debido á redución de velocidade dos vehículos
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



**PROXECTO DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA RÚA CONCEPCION ARENAL. EP-3401, ACCESO AO PORTO. MUNICIPIO DA GUARDA**

P. B. L. (con IVE): 1.757.192,23 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

**Descrición do proxecto:**

- Lonxitude: 590 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+590
- Coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo, fomentando a aparición de prazas peonís que antes estaban cheas de aparcadoiros
  - Zona de convivencia elevada mediante a execución de redutores en rúas lindeiras
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Eliminación dos itinerarios de paso na zona de proxecto. Desaparecen as beirarrúas e os pasos de peóns; toda a plataforma de actuación será de prioridade peonil
- Execución da rede separativa de pluviais e saneamento e renovación das redes en mal estado que tiñan perdas
- Renovación da iluminación existente por luminarias led

**Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:**

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de 3 prazas, zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA EP-4201 NO CONTORNO DA IGREXA DE SANTA MARTA DE RIBARTEME. MUNICIPIO DAS NEVES

P. B. L. (con IVE): 198.992,98 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 140 m, desde o P. Q. 4+000 ata o P. Q. 4+140
- Coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo, fomentando a aparición dun miradoiro e de zonas de espaxamento onde antes aparcaban os coches
  - Zonas de convivencia de lastro mediante a execución de redutores no inicio e final destas
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Eliminación dos itinerarios de paso na zona de proxecto; toda a plataforma de actuación será de prioridade peonil
  - Accesos aos diferentes equipamentos públicos mediante ramplas que lles dean valor aos elementos patrimoniais
  - Sinalización horizontal e vertical que indique a redución de velocidade e a prioridade peonil
- Renovación da iluminación existente por luminarias led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa creando zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra (a igrexa e o cemiterio de Santa Marta de Ribarteme)
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:



### DESPOIS:



## PROXECTO DE OBRA DE ACTUACIÓN DE MOBILIDADE SUSTENTABLE NA EP-2505 AO SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE SALCEDA DE CASELAS. MUNICIPIO DE SALCEDA DE CASELAS

P. B. L. (con IVE): 679.516,07 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 350 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+350
- O obxecto do proxecto é conseguir a humanización da rúa, para o que se habilitarán espazos seguros para as e os viandantes e se distribuirá a zona de aparcadoiro
- Coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo co fomento da integración co parque da Gándara, que se atopa nun das súas marxes
  - Zona de convivencia elevada, mediante a execución de redutores de velocidade antes desta, para favorecer o calmado do tráfico
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 20 km/h
  - Eliminación dos itinerarios de paso na zona de convivencia. Desaparecen as beirarrúas, toda a plataforma de actuación será de prioridade peonil
- Renovación da iluminación existente por luminarias led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de 3 prazas, zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:





## PROXECTO DE ACCESO AO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE, SITUADO NA AVENIDA DE MONTECELO. PONTEVEDRA

P. B. L. (con IVE): 549.981,31 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Acondicionamento e mellora do acceso ao Centro Príncipe Felipe co obxectivo de potenciar e dinamizar o seu contorno
- Mellora da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo, delimitando a circulación do tráfico rodado mediante a construción dunha rotonda e ampliando as zonas de tránsito peonil
  - Humanización do contorno mediante a disposición do mobiliario urbano e zonas axardinadas
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Instalación de pasos de peóns sobreelevados
  - Accesos aos diferentes equipamentos públicos
  - Sinalización horizontal e vertical remodelada
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 4: Educación de calidade
  - 4.7 Os camiños escolares seguros promoven unha educación para o desenvolvemento sustentable, ao inculcarlle ao alumnado a cultura de desprazarse andando, ademais de fomentar a inclusividade. Isto implica tamén unha redución do tráfico motorizado nos accesos aos centros e un aumento da seguridade
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-4004, ACCESO Á IGREXA DE GULÁNS DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 0+490. MUNICIPIO DE PONTEAREAS

P. B. L. (con IVE): 382.858,96 € ANO DE EXECUCIÓN: 2020

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 490 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+490
- Coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo, fomentando a aparición dunha zona de convivencia enfronte á igrexa, ao cemiterio e ao colexio público Feliciano Barrera
  - Zona de convivencia elevada mediante execución de redutores en rúas lindoiras
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 20 km/h
- Posta en valor do patrimonio cultural, humanizando a rúa fronte ao cemiterio e a igrexa, canalizando as redes de servizo e iluminando os diferentes elementos arquitectónicos
- Renovación da iluminación existente por luminarias led
- Ampliación da plataforma no resto da actuación, deseñando unha beiravía ancha pola súa marxe dereita, o que favorece o acceso peonil aos diferentes equipamentos aos que dá acceso a EP-4004

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación dunha zona de convivencia e outra de espaxamento fronte ao colexio
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DEPOIS:



## MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-0601 PORTOSANTO-CAMPELO-C-550. POIO

P. B. L. (con IVE): 2.012.119,33 € ANO DE EXECUCIÓN: 2020

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 1.730 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 1+730
- Mellora da seguridade viaria
- Replanificación profunda e conceptual, co fin de mellorar a seguridade viaria dunha estrada en estado deteriorado, sen ningún tipo de área reservada para as e os viandantes
- Realización dunha senda peonil de formigón coloreado na marxe dereita da estrada, coa creación dunha área reservada para peóns e segregada do tráfico rodado, e renovación do aglomerado na zona rodada existente
- Instalación de elementos de calmado do tráfico na totalidade do tramo de actuación
- Reposición da sinalización horizontal e vertical da estrada
- Renovación da rede de abastecemento existente, substitución da rede de saneamento e execución dunha nova rede de pluviais para a xestión das augas recollidas mediante sumidoiros
- Dimensionamento e execución de muros de contención para ampliar a plataforma nos puntos necesarios
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de prazas, zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



**SENDAS**

## MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2605 A EP-MEIXOEIRO-CUVI. MOS

P. B. L. (con IVE): 82.771,54 € ANO DE EXECUCIÓN: 2018

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 350 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+350
- Mellora da mobilidade peonil e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Execución dun novo tramo de beirarrúa para permitir a conexión peonil cos equipamentos de lecer da zona. Reparación e ancheado do existente
  - Medidas de calmado do tráfico e redución da velocidade a 30 km/h
  - Pasos de peóns sobreelevados a nivel coa beirarrúa para cumprir coa Lei de supresión de barreiras arquitectónicas
  - Repintado e implantación de nova sinalización
- Modernización e adaptación da rede de drenaxe ás obras

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede de drenaxe adaptada ás novas obras
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación dunha senda peonil que dá acceso aos servizos da zona
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire coa diminución do fluxo de vehículos motorizados e da súa velocidade
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:



### DEPOIS:



**MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2908 ARCADE-AMOEDO, DESDE O P. Q. 1+180 ATA O P. Q. 1+400. MUNICIPIO DE SOUTOMAIOR**

P. B. L. (con IVE): 176.191,46 € ANO DE EXECUCIÓN: 2018

**Descrición do proxecto:**

- Lonxitude: 220 m, desde o P. Q. 1+180 ata o P. Q. 1+400
- Incremento da mobilidade peonil e a seguridade viaria mediante:
  - Construción de beirarrúas elevadas na marxe dereita
  - Redistribución de espazos na calzada e novos pasos de peóns sobreelevados
  - Calmado do tráfico, mediante reductores físicos de velocidade, e diminución da velocidade máxima a 30 km/h
  - Sinalización horizontal e vertical coa que se incide na prioridade peonil e redución da velocidade
- Adaptación da rede de drenaxe ao proxecto
- Instalación de iluminación led
- Nova instalación de saneamento

**Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:**

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: mellora da rede de drenaxe existente
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de zonas de tránsito peonil
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire coa diminución do fluxo de vehículos motorizados e da súa velocidade
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

**ANTES:**



**DESPOIS:**



## ESTABILIZACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DA ESTRADA E CONTINUACIÓN DO PASEO LITORAL DE CAMPELO. POIO. FASE II

P. B. L. (con IVE): 495.549,23 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 420 m, desde o P. Q. 3+190 ata o P. Q. 3+610
- Urbanización do acceso ao núcleo de Campelo polo litoral, coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo
  - Zona de convivencia elevada mediante execución de redutores en rúas lindeiras
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Eliminación dos itinerarios de paso na zona de vivendas. Desaparecen as beirarrúas e os pasos de peóns; toda a plataforma de actuación será de prioridade peonil
  - Creación de beirarrúas fóra do contorno das vivendas
- Execución da rede separativa de pluviais e saneamento e renovación das redes en mal estado que tiñan perdas
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de zonas de espaxamento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## ACTUACIÓN INTEGRAL DE SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE SUSTENTABLE NA EP-g106 DESDE A EP-g101 ATA A IGREXA DE SAN VICENTE T. M. O GROVE

P. B. L. (con IVE): 596.416,10 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 877 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+877
- Coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Creación dunha senda peonil/ciclista na marxe dereita en 3 tramos
  - Zonas de convivencia de tráfico mixto con prioridade peonil nos núcleos
  - Instalación de redutores físicos de velocidade
  - Redución da velocidade a 30 km/h na calzada e a 20 km/h nas zonas de convivencia
  - Ampliación das beirarrúas
  - Rehabilitación de firmes para adecualos aos encontros coa senda
- Instalación de luminarias led
- Recuperación do contorno da igrexa de San Vicente
- Disposición de rigolas, caces e sumidoiros de recollida de pluviais que verten a un colector lonxitudinal de PVC

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución dunha rede de recollida de pluviais
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de zonas de prioridade peonil nos núcleos urbanos
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire coa diminución do fluxo de vehículos motorizados e a súa velocidade
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:



### DEPOIS:





## MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9213 A GRANXA-DORRÓN DO P. Q. 0+000 AO P. Q. 0+800. SANXENXO

P. B. L. (con IVE): 331.863,94 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 800 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+800
- Acondicionamento e mellora do tramo de estrada a través da creación de áreas para as e os viandantes e dándolles continuidade ás beirarrúas existentes
- Potenciación e dinamización dun contorno que presenta unha serie de carencias e inconvenientes para cumprir as funcións básicas que debe reunir unha vía que sirva de unión entre núcleos de vivendas e un colexio próximo
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 4: Educación de calidade
  - 4.7 Os camiños escolares seguros promoven unha educación para o desenvolvemento sustentable, ao inculcarlle ao alumnado a cultura de desprazarse andando, ademais de fomentar a inclusividade. Isto implica tamén unha redución do tráfico motorizado nos accesos aos centros e un aumento da seguridade
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:



### DEPOIS:



**MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9305 COIRÓN-RIBADUMIA-LEIRO DO P. Q. 4+450 AO P. Q. 4+950. RIBADUMIA**

P. B. L. (con IVE): 246.980,21 € ANO DE RECEPCIÓN: 2019

**Descrición do proxecto:**

- Lonxitude: 500 m, desde o P. Q. 4+450 ata o P. Q. 4+950
- Creación dunha área reservada para peóns nunha das marxes co obxectivo de darlles continuidade ás beirarrúas existentes
- Execución dunha zona reservada para o estacionamento de vehículos nunha das marxes
- Colocación de pasos de peóns sobreelevados con límites de 30 km/h para incrementar a seguridade das e dos viandantes
- Mellora da drenaxe superficial mediante a execución dunha rede de pluviais de PVC cos seus correspondentes pozos de rexistro de formigón
- Mellora das redes existentes de saneamento e abastecemento
- Remodelación e instalación da parada de autobús

**Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:**

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede separativa e renovación das redes en mal estado
  - 6.4 Uso eficiente de recursos hídricos: renovación de acometidas de abastecemento
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.2 Transporte público. Delimitación dunha zona de parada de transporte público
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación dun itinerario peonil único de acceso ao núcleo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

**ANTES:**



**DEPOIS:**



## ACCESO Á PRAIA DE NERGA (ACCESO Á GARDERÍA). CANGAS

P. B. L. (con IVE): 63.993,28 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 120 m, desde o P. Q. 0+000 ata o P. Q. 0+120
- Acondicionamento e mellora do tramo mediante:
  - Delimitación e calmado do tráfico da zona mediante a implementación dun paso de peóns sobreelevado, un redutor físico de velocidade, a redución desta a 30 km/h e a mellora da sinalización horizontal e vertical
  - Creación dunha liña de aparcadoiro de 2,5 m de ancho
  - Creación dunha senda peonil de 2,5 m de ancho
  - Execución dunha cuneta remontable de 2 m de ancho
  - Eliminación dos itinerarios de paso na zona do proxecto. Desaparecen as beirarrúas e os pasos de peóns; toda a plataforma de actuación será de prioridade peonil
  - Deseño accesible
- Mellora da rede de drenaxe de augas pluviais
- Substitución das luminarias por luces led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: renovación das redes en mal estado
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: redeseñar o espazo para que sexa inclusivo e accesible
  - 11.A Vínculos a zonas urbanas, periurbanas e rurais
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:



### DESPOIS:



## MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TRAMO ANTIGO DA EP-4006 DESDE O P. Q. 11+130 ATA O P. Q. 11+930, NÚCLEO DO RABELO. MUNICIPIO DAS NEVES

P. B. L. (con IVE): 176.381,58 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 800 m, desde o P. Q. 11+130 ata o P. Q. 11+930
- Trátase dun núcleo rural que se atopa preto dun instituto e do núcleo urbano, preténdese darlles seguridade ás persoas para que poidan desprazarse aos diferentes equipamentos
- Mantemento da plataforma existente cambiando o seu uso de dobre sentido de circulación a sentido único; emprégase o outro carril para a execución dunha senda peonil de 2,50 m de ancho, o que aumentará a seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo mediante a eliminación dun carril e o deseño dunha senda peonil/carril bici
  - Prioridade peonil mediante o estudo global do contorno e redución da velocidade a 20 km/h
  - Execución de varios redutores físicos de velocidade para fomentar o calmado do tráfico e dun paso de peóns sobreelevado para levar a cabo a unión dos diferentes itinerarios peonís
  - Sinalización horizontal e vertical coa que se incide na prioridade peonil e na redución da velocidade
- Renovación da iluminación existente por luminarias led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico mediante a diminución da velocidade en todo o tramo
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Transporte público: proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sustentables para todas as persoas e mellorar a seguridade viaria. Procédese á execución de senda peonil e carril bici para fomentar o transporte sustentable entre núcleos
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros, existentes ao longo da obra
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA EP-5003 NA LOMBA. MUNICIPIO DE ARBO

P. B. L. (con IVE): 233.091,59 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 400 m, tramo antigo da EP-5003
- Trátase dun tramo antigo dunha estrada provincial onde se atopa un núcleo rural consolidado; preténdese darlles seguridade ás persoas para que poidan desprazarse e acceder ás beirarrúas existentes na EP-5003
- Aumento da plataforma mediante o aproveitamento dos sobreanchos da calzada coa entubaxe das pluviais existentes, que na actualidade se atopaban por escoamento ao longo da traza
- Redistribución dos carrís e execución por unha das súas marxes dunha senda peonil de 2,50 m de ancho, o que aumentará a seguridade viaria mediante:
  - Prioridade peonil, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
  - Execución de reductores físicos de velocidade para fomentar o calmado do tráfico e dun paso de peóns sobreelevado para levar a cabo a unión dos diferentes itinerarios peonís
  - Sinalización horizontal e vertical coa que se incide na prioridade peonil e redución da velocidade
- Renovación da iluminación existente por luminarias led

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico mediante a diminución da velocidade en todo o tramo
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Transporte público: proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sustentables para todas as persoas e mellorar a seguridade viaria. Procédese á execución dunha senda peonil e carril bici para fomentar o transporte sustentable entre núcleos
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros existentes ao longo da obra
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DEPOIS:



**MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2203 BAREDO-LOUREZA DESDE O P. Q. 2+625 ATA O P. Q. 3+300 E NA EP-2202 BAIONA-LOUREZA DESDE O P. Q. 1+500 ATA O P. Q. 1+800. MUNICIPIO DE BAIONA**

P. B. L. (con IVE): 381.022,32 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

**Descrición do proxecto:**

- Lonxitude: 975 m, desde o P. Q. 2+625 ata o P. Q. 3+300 da EP-2203 e desde o P. Q. 1+500 ata o P. Q. 1+800 da EP-2202
- A obra ten lugar en dúas estradas provinciais polas que discorre o Camiño de Santiago pola Costa
- Aumento da plataforma mediante o aproveitamento dos sobreanchos existentes e o recheo dos noiros necesarios mantendo o respecto polo contorno no que nos atopamos
- Redistribución dos carrís coa colocación nas súas marxes dunha cuneta como elemento separador para resolver os problemas de pluviais por escoamento que existían na zona de actuación e execución pola súa marxe esquerda dunha senda peonil de 2,50 m de ancho, o que aumentará a seguridade viaria mediante:
  - Estudo global do contorno e redución da velocidade a 30 km/h
  - Execución de redutores físicos de velocidade para fomentar o calmado do tráfico e dun paso de peóns sobreelevado para levar a cabo a unión dos diferentes itinerarios peonís
  - Sinalización horizontal e vertical coa que se incide na prioridade peonil e redución da velocidade
- Renovación da iluminación existente por luminarias led

**Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:**

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico mediante a diminución da velocidade en todo o tramo
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Transporte público: proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sustentables para todas as persoas e mellorar a seguridade viaria. Procédese á execución dunha senda peonil e carril bici para fomentar o transporte sustentable entre núcleos
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros existentes ao longo da obra
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

**ANTES:**



**DEPOIS:**



## MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-3302 DESDE O P. Q. 1+365 ATA O P. Q. 1+940. MUNICIPIO DO ROSAL

P. B. L. (con IVE): 178.743,39 € ANO DE EXECUCIÓN: 2020

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 575 m, desde o P. Q. 1+365 ata o P. Q. 1+940
- Este proxecto nace coa idea de unir dous núcleos de poboación que, a pesar da curta distancia entre eles, non se atopaban comunicados de forma ciclable debido ao perigo da estrada por falta de beiravías e de visibilidade
- Aumento da plataforma mediante o aproveitamento dos sobreanchos existentes e co desmonte e recheo dos noiros necesarios, mantendo o respecto polo contorno no que nos atopamos
- Mantemento da calzada existente e actuación unicamente na súa marxe dereita coa construción dunha senda peonil de 2,50 m de ancho, o que aumentará a seguridade viaria mediante:
  - Estudo global do contorno e redución da velocidade a 30 km/h
  - Execución de reductores físicos de velocidade para fomentar o calmado do tráfico e de dous pasos de peóns sobreelevados para levar a cabo a unión dos diferentes itinerarios peonís
  - Sinalización horizontal e vertical coa que se incide na prioridade peonil e redución da velocidade
- Colocación dunha varanda de madeira de protección para a seguridade das e dos viandantes co fin de salvagardar o desnivel existente

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico mediante a diminución da velocidade en todo o tramo
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Transporte público: proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sustentables para todas as persoas e mellorar a seguridade viaria. Procédese á execución dunha senda peonil e carril bici para fomentar o transporte sustentable entre dous núcleos de poboación do concello do Rosal
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros existentes ao longo da obra
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REFORZO DE FIRME NA EP-2703 PAZOS-PONTEAREAS, DESDE O P. Q. 11+300 ATA O P. Q. 13+500. MUNICIPIO DE PONTEAREAS

P. B. L. (con IVE): 779.797,58 € ANO DE EXECUCIÓN: 2020

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 2.200 m, desde o P. Q. 11+300 ata o P. Q. 13+500
- Coexistencia de usos e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Redeseño do espazo, fomentando a ampliación da plataforma, a posta a cota de accesos e a diminución do ancho dos carrís
  - Zonas de convivencia elevadas mediante execución de redutores de velocidade antes e despois destas
  - Diminución do volume de tránsito motorizado, mediante o estudo global do contorno, e redución da velocidade a 30 km/h
- Renovación da iluminación existente por luminarias led nas zonas de convivencia
- Posta en valor do patrimonio cultural mediante a execución de zonas de convivencia e a iluminación dos elementos patrimoniais

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3. Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación de 3 prazas, zonas de espaxemento colectivo
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:





## MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-5105 MACEIRA-A GRAÑA DESDE O P. Q. 10+250 ATA O P. Q. 11+350. MUNICIPIO DE COVELO

P. B. L. (con IVE): 288.755,73 € ANO DE EXECUCIÓN: 2020

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 1.100 m, desde o P. Q. 10+250 ata o P. Q. 11+350
- Mellora da mobilidade peonil e incremento da seguridade viaria mediante:
  - Realización dunha senda peonil de 2,50 m de ancho paralela ao trazado da estrada e a nivel de calzada, separada a través de marca viaria continua e captafaros
  - Execución dunha pasarela de madeira peonil
  - Instalación dunha plataforma única de convivencia na parte final do percorrido con preferencia peonil
  - Adopción de medidas de calmado do tráfico por medio de reductores físicos de velocidade e implementando velocidades máximas de 30 km/h nas zonas de tránsito peonil e 20 km/h nas zonas de convivencia con preferencia peonil
- Execución da rede de drenaxe da senda coa colocación dun colector de 300 mm de diámetro

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución da rede de drenaxe
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: creación de espazo peonil accesible e seguro
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: mellora da calidade do aire coa diminución do fluxo de vehículos motorizados e a súa velocidade
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## MELLORA DA INTERSECCIÓN MEDIANTE ROTONDA NA EP-9101, P. Q. 5+150. O GROVE

P. B. L. (con IVE): 259.887,55 € ANO DE EXECUCIÓN: 2020

### Descrición do proxecto:

- Implantación dunha rotonda cun diámetro interior de 12 m e un exterior de 32 m
- Disposición de sendas peonís accesibles ao final da rotonda comunicadas con pasos de peóns sobreelevados
- Modificación da rede de abastecemento á obra e adaptación dos pozos de saneamento
- Instalación de luminarias led
- Repintado e implementación de sinalización vertical
- Adecuación da sinalización vertical e horizontal á obra

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil ao dispor sendas peonís no contorno da rotonda.
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.4 Uso eficiente de recursos hídricos: optimización da rede de abastecemento para adaptala á nova obra e minimizar as perdas
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: capacidade para a planificación e a xestión participativa coa creación dunha senda peonil
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



**ACTUACIONES DE NOVA IMPLANTACIÓN**

## PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE A EP-3102 TOMIÑO-SABARÍS E A PO-344 AO SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE SEIXO. MUNICIPIO DE TOMIÑO

P. B. L. (con IVE) : 2.111.766,73 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019

### Descrición do proxecto:

- Lonxitude: 1.318 m. Nova variante para eliminar o tráfico do centro do núcleo
- Obxectivo: creación dunha variante de circunvalación ao núcleo do Seixo para unha futura eliminación do tráfico en todo o núcleo. O concello creou varios aparcadoiros disuasorios con ese fin
- Variante cunha sección tipo de 16 m de ancho, dos que 6 m se atopan na plataforma única para o carril bici e senda peonil
- O proxecto crea unha circunvalación que elimina o tráfico do núcleo urbano do Seixo e a maiores proporcionálles ás e aos veciños un redeseño do espazo coa creación de zonas de convivencia nunha das súas rotondas, que funciona como praza
- Prodúcese a redución da velocidade en cruces e accesos mediante a execución de pasos de peóns elevados e establécese nestas zonas unha velocidade media de 30 km/h
- Colocación de iluminación led en toda a traza e substitución do existente nos cruzamentos por iluminación das mesmas características
- Colocación dunha pantalla vexetal, coa plantación de árbores de gran porte, entre a zona peonil e a zona de circulación de vehículos fomentando o uso peonil e xerando un contorno amable e seguro

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico. Colocación de PPS e redución da velocidade en toda a traza
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: creación dunha variante que enlaza co centro urbano do Seixo co obxectivo de eliminar por completo o tráfico no núcleo urbano
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

ANTES:



DESPOIS:



## PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA CIRCUNVALACIÓN ESTE

P. B. L. (con IVE): 2.066.014,38 € ANO DE EXECUCIÓN: 2019


### Descrición do proxecto:

- Construción dunha nova vía que enlaza a PO-543 (glorieta existente) coa EP-0003 (construción de nova glorieta)
- Calzada única con dous carrís de circulación de 3,50 m, beiravías de 1,00 m e unha senda peonil (carril bici+beirarrúa) de 4,00 m
- Execución da rede separativa de pluviais e saneamento e renovación das redes en mal estado que tiñan perdas
- Implementación de iluminación led
- Elaboración dun estudo arqueolóxico e arquitectónico para minimizar o impacto no patrimonio da zona
- Instalación dun sistema de sinalización que aumenta a seguridade, eficacia e comodidade da circulación nas vías proxectadas
- Instalación de muros de contención para minimizar as afeccións sobre parcelas e edificacións lindeiras

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído mediante a inclusión dunha senda peonil e carril bici
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento
  - 6.3 Calidade da auga. Contaminación e augas residuais: execución dun sistema de drenaxe para conducir as augas pluviais aos colectores
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.3 Eficiencia enerxética: mediante a colocación de luminarias led en toda a obra
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: dándolles continuidade aos percorridos peonís e ciclistas
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados no contorno da obra
  - 11.A Vínculos a zonas urbanas, periurbanas e rurais
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:



### DEPOIS:



**PLAN DE MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA**

## PLAN DE MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA

P. B. L. (I+II+III): 8.137.391,66 € ANO DE EXECUCIÓN: 2015-2021

### Descrición do proxecto:

- O ámbito de actuación do proxecto abarca toda a provincia de Pontevedra
- Implementación de medidas de calmado do tráfico, considerando que unha redución efectiva da velocidade implica tamén unha diminución drástica do número de accidentes:
  - Implantación de pasos de peóns sobreelevados (PPS)
  - Implantación de redutores físicos de velocidade de vehículos (RFVV)
  - Eliminación dos itinerarios de paso na zona de proxecto. Desaparecen as beirarrúas e os pasos de peóns; toda a plataforma de actuación será de prioridade peonil
- Téñense en conta diferentes solucións e analízase se a plataforma conta con beirarrúa simple, dobre e/ou espazos de aparcadoiro
- Mellórase a accesibilidade e obtense un espazo público máis inclusivo ao instalar novos pasos de peóns a nivel das beirarrúas

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: co calmado do tráfico e a optimización do deseño do espazo de tránsito das e dos viandantes
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: convenios de colaboración entre administracións

### ANTES:

PPS (paso de peóns sobreelevado)



### DESPOIS:



## PLAN DE MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA

### Actuacións por municipio:

Municipio	RFVV	PPS	Municipio	RFVV	PPS
A Cañiza	7	3	Nigrán	20	30
A Estrada	20	4	O Grove	14	16
A Illa de Arousa	1	4	O Porriño	6	20
A Lama	17	4	O Rosal	13	9
Arbo	2	4	Oia	5	0
As Neves	27	12	Pazos de Borbén	8	3
Baiona	20	16	Poio	24	6
Barro	28	2	Ponte Caldelas	13	2
Bueu	23	16	Ponteareas	28	12
Caldas de Reis	4	3	Pontecesures	3	0
Campo Lameiro	5	0	Pontevedra	91	0
Cangas	33	19	Portas	7	13
Catoira	18	4	Redondela	19	15
Cerdedo-Cotobade	28	6	Ribadumia	17	10
Covelo	19	7	Rodeiro	2	2
Crecente	9	6	Salceda de Caselas	16	15
Cuntis	12	2	Salvaterra de Miño	10	9
Forcarei	12	0	Sanxenxo	51	29
Fornelos de Montes	8	12	Silleda	4	13
Gondomar	17	8	Soutomaior	7	11
Lalín	12	14	Tomiño	25	7
Marín	11	9	Tui	24	18
Meaño	13	6	Valga	44	7
Meis	16	5	Vigo	12	55
Moaña	8	15	Vila de Cruces	2	2
Mondariz	22	6	Vilaboa	17	7
Moraña	13	4	Vilagarcía de Arousa	2	0
			Vilanova de Arousa	20	19

### ANTES:

RFVV (reductor físico de velocidade de vehículos)



### DESPOIS:





**PLANS DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE**

## PLANS DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE

37 concellos redactan o seu Plan de mobilidade 501.000,00 €


### Descrición dos plans:

A Deputación de Pontevedra fomenta a redacción de plans de mobilidade sustentable coa concesión de subvencións aos municipios da provincia interesados.

Estes plans estratéxicos teñen como obxectivo xeral establecer unha estratexia para mellorar a mobilidade mediante medidas a curto, medio e longo prazo e facela máis eficiente, máis segura, máis accesible a todas as persoas e máis responsable ambientalmente.

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do fluxo motorizado
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 7: Enerxía alcanzable e non contaminante
  - 7.2 Enerxías renovables: potenciar o uso de vehículos eléctricos
  - 7.3 Eficiencia enerxética: potenciar o cambio cara a modos de enerxía máis eficientes en todas as actuacións que se realicen
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.2 Transporte público: aposta polo uso do transporte colectivo por encima do particular facilitando o acceso a este
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: darlles continuidade aos percorridos peonís e ciclistas e recuperar o espazo natural das e dos viandantes
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: protección e posta en valor dos elementos catalogados
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: a aposta pola mobilidade sustentable implica unha mellora na calidade de vida e un descenso da contaminación
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros. Os plans de mobilidade fomentan espazos públicos seguros, sustentables, inclusivos e accesibles
  - 11.A Vínculos a zonas urbanas, periurbanas e rurais. Os plans de mobilidade pretenden unha harmonización do territorio fortalecendo as conexións sustentables
- Obxectivo 16: Paz, xustiza e institucións sólidas
  - 16.7 Participación cidadá. Participación da poboación na elaboración do plan
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: integración das políticas de desenvolvemento urbano e territorial coas políticas de mobilidade e xeración e acondicionamento de infraestruturas
  - 17.19 Promover indicadores que vaian máis aló do PIB. Os plans de mobilidade inclúen unha serie de indicadores de seguimento da evolución da mobilidade sustentable



Exemplo de plano do Plan de mobilidade sustentable do Rosal

### Concellos adheridos:

Municipio	Subvención máxima	Municipio	Subvención máxima	Municipio	Subvención máxima
A Lama	9.000,00	Moaña	20.000,00	Pontecesures	9.000,00
As Neves	9.000,00	Mondariz-Balneario	9.000,00	Portas	9.000,00
Bueu	20.000,00	Moraña	9.000,00	Redondela	20.000,00
Caldas de Reis	15.000,00	Nigrán	20.000,00	Salceda de Caselas	15.000,00
Catoira	9.000,00	Oia	9.000,00	Sanxenxo	20.000,00
Covelo	9.000,00	O Grove	15.000,00	Silleda	15.000,00
Cuntis	9.000,00	O Porriño	20.000,00	Soutomaior	15.000,00
Forcarei	9.000,00	O Rosal	15.000,00	Tomiño	20.000,00
Fornelos de Montes	9.000,00	Pazos de Borbén	9.000,00	Tui	20.000,00
Gondomar	20.000,00	Poio	20.000,00	Valga	9.000,00
Lalín	20.000,00	Ponteareas	20.000,00	Vila de Cruces	9.000,00
Meaño	9.000,00	Ponte Caldelas	9.000,00		

**CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS**



**PLAN ÁGORA**

## PLAN ÁGORA POLO ESPAZO PÚBLICO (EN PROCESO)

44 concellos adheridos      2.150.000,00 €

### Descrición do plan:

É unha rede á que se poden adherir os municipios da provincia de Pontevedra co compromiso de realizar políticas de recuperación dos seus espazos públicos e fomentar as mobilidades alternativas nos seus termos municipais.

Susténtase en 10 principios:

- O espazo público é un dereito
- As persoas primeiro
- Mobilidade inclusiva
- Autonomía infantil
- Mobilidades alternativas
- Espazos seguros
- Hábitat saudable
- Espazos amables e de calidade
- Actividade económica de proximidade
- Mobilidade sustentable

### Obxectivos cumpridos da Axenda 2030:

- Obxectivo 3: Saúde e benestar
  - 3.4 Enfermidades non transmisibles e saúde mental: recuperación do espazo peonil e redución do ruído
  - 3.6 Accidentes de tráfico: redución do número de mortes e de accidentes de tráfico
  - 3.9 Saúde ambiental: redución do número de mortes e de enfermidades producidas pola contaminación do aire (redución de emisións de CO<sub>2</sub>)
- Obxectivo 9: Industria, innovación e infraestrutura
  - 9.1 Infraestrutura sustentable: desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade
- Obxectivo 11: Cidades e comunidades sustentables
  - 11.3 Urbanización inclusiva e sustentable: o fomento da creación de espazos de alto valor para as e os viandantes, inclusivos, accesibles, integrados e sustentables
  - 11.4 Patrimonio cultural e natural: a rede fomenta a conservación e posta en valor do patrimonio histórico, arquitectónico, industrial e natural dos municipios adheridos
  - 11.6 Residuos e contaminación en cidades: o fomento das mobilidades amables e a creación dun espazo público de calidade relaciónanse de forma directa coa redución da contaminación atmosférica e do impacto ambiental
  - 11.7 Acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros: preténdese recuperar espazos públicos seguros para as persoas, a rexeneración urbana e asegurar a dotación de equipamentos e zonas verdes
- Obxectivo 13: Acción polo clima
  - 13.2 Políticas, estratexias e plans nacionais: abórdase a planificación e a xestión activa da acción local en materia de cambio climático e a adopción de compromisos firmes para avanzar na mitigación de gases de efecto invernadoiro
- Obxectivo 17: Alianzas para lograr os obxectivos
  - 17.14 Coherencia de políticas: a rede Ágora é unha rede de acción institucional que xunta as políticas locais para conseguir a mellora do espazo público
  - 17.17 Alianzas público-privadas: estas alianzas constrúense sobre a base de principios e valores, unha visión compartida e obxectivos comúns que priorizan as persoas e o planeta e son necesarias a nivel mundial, nacional, rexional e local



### CONCELLOS ADHERIDOS:

A Estrada	Catoira	Meaño	Oia	Sanxenxo
A Guarda	Cerdedo-Cotobade	Meis	Pazos de Borbén	Silleda
A Lama	Covelo	Moaña	Poio	Soutomaior
Arbo	Crecente	Moraña	Ponteareas	Tomíño
As Neves	Forcarei	Mos	Pontevedra	Tui
Barro	Fornelos de Montes	Nigrán	Portas	Vila de Cruces
Bueu	Gondomar	O Grove	Ribadumia	Vilaboa
Caldas de Reis	A Illa de Arousa	O Porriño	Salceda de Caselas	Vilagarcía de Arousa
Cambados	Marín	O Rosal	Salvaterra de Miño	

